



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA) PARA O FINANCIAMENTO E SUSTENTABILIDADE DO PROXECTO DE DOTACIÓN E MODERNIZACIÓN DE EQUIPAMENTO DE PUNTOS DE AUTOSERVIZO (TICPESC) E TRAZABILIDADE DE DOCUMENTOS PESQUEIROS NOS PORTOS DE GALICIA (PROXECTO TICPESC 4ª FASE)

En Santiago de Compostela, o día 22 de xaneiro de 2019, na sede da Consellería do Mar,

REUNIDOS:

Dunha parte, **Rosa María Quintana Carballo**, conselleira do Mar, actuando en nome e representación da Consellería do Mar, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa presidencia.

Doutra parte, **Mar Pereira Álvarez**, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante AMTEGA), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e o Decreto 91/2012, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar o presente acordo de colaboración, e na súa virtude



EXPOÑEN:

Primeiro.- Que o Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido, o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, os mercados, a comercialización, a manipulación, a transformación e a conservación dos produtos pesqueiros. Así mesmo, no seu artigo 2.7, a citada Lei destaca: “6. Fomentar a renovación, a modernización e a mellora das estruturas pesqueiras, marisqueiras e acuícolas no marco dos recursos existentes” e “7. Desenvolver e mellorar os procesos de comercialización e transformación dos produtos pesqueiros, así como fomentar o exercicio dun comercio responsable que garanta a calidade, a trazabilidade e a identificación dos produtos.”

Neste sentido, a Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a mellora da dotación dos equipamentos nos portos pesqueiros, lugares de desembarque e ancoradoiros e a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade. Neste senso, a modernización tecnolóxica das lonxas e dos procesos de comercialización e xestión que nelas se desenvolven, redundan nunha xestión máis eficiente do sector pesqueiro, tanto no



relativo a comercialización, como na trazabilidade dos produtos e un incremento da seguridade alimentaria.

Segundo.- Actualmente, a actividade diaria de comercialización dos produtos pesqueiros frescos ven regulada pola normativa tanto comunitaria como nacional e autonómica, na que se fixa a necesidade de obter unha serie de documentos que acompañen á mercadoría antes da súa primeira venda ou que permita realizar un mellor control sobre as descargas e cantidades de pesca vendidas a través dos condutos legais. Doutra banda, o comercio de moluscos bivalvos, gasterópodos, equinodermos e tunicados ten unha regulación sanitaria específica que fai necesario acreditar as características sanitarias das zonas de produción tanto nos produtos de actividade extractiva como de acuicultura. Así mesmo, en buques de artes menores que realizan a súa actividade nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia teñen a obriga de comunicar o despacho da arte á que se está dedicando a súa actividade, de xeito que non poder facer coincidir no tempo o emprego de mais dun arte.

Para facilitar a comunicación e rexistro de toda a información mencionada, e co galo de facilitar os procedementos de control sobre a actividade pesqueira e de comercialización dos produtos pesqueiros e o emprego das tecnoloxías da información, desde o 2010 a Xunta de Galicia ven potenciando a implantación de ferramentas que permitan obter e rexistrar de xeito mais áxil e eficaz toda esta información. En particular a instalación de puntos de autoservizo nos portos pesqueiros (coñecidos como terminais TICPESC) tense revelado como un instrumento de mellora na xestión da comunicación e rexistro dos documentos, ao permitir comunicar e coñecer con maior axilidade e eficacia a información.



Estes terminais TICPESC son polo tanto unha ferramenta de acceso á administración electrónica para o sector, permitindo ao profesional do mesmo, acreditándose debidamente, acceder aos servizos que a Xunta de Galicia por ao seu servizo as 24 horas do día os 365 días do ano; de xeito tal que a súa actividade non dependa dos horarios de atención das confrarías de pescadoras das lonxas ou doutras asociacións profesionais do sector. Ademais permítelle ás embarcacións que podan dispoñer do servizo necesario para o traslado das mercadorías por vía terrestre cando desembarcan en puntos distintos a onde se atopa a lonxa de primeira venda.

Actualmente existen 58 TICPESC instalados en distintos puntos do litoral galego autorizados para a descarga tanto de produtos da pesca como de acuicultura, sendo o obxecto deste proxecto a súa extensión a novos puntos de descarga o que redundará en facilitar a realización do seguimento das actividades da pesca, velando pola aplicación da normativa establecida, entre ela a trazabilidade dos produtos pesqueiros en todas as fases da cadea de produción, transformación e distribución.

Doutra banda, para dar cumprimento ás obrigas de pesada dos produtos da pesca se pesen no momento do desembarque, e trala realización de dúas experiencias pilotos en Bueu e Portonovo nas que se puideron valorar as vantaxes e inconvenientes de distintos sistemas, cómpre a instalación de sistemas de pesada integrados coa rede TICPESC, para permitir a funcionalidade descrita, tendo en conta nesta primeira proposta o total de documentos de transporte emitidos a través dos TICPESC durante os anos 2016 e 2017.

Terceiro.- Que, segundo o artigo 6 do Estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, aprobado polo Decreto 252/2011,



do 15 de decembro, a AMTEGA ten entre as súas competencias, a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, queda desconcentrada na persoa titular da dirección da AMTEGA a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da AMTEGA, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

Cuarto.- Que o Regulamento (UE) 508/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, recolle no seu artigo 43 Portos pesqueiros, lugares de desembarque, lonxas e ancoradoiros “1. Con obxecto de mellorar a calidade e incrementar o control e a trazabilidade dos produtos desembarcados, aumentar a eficiencia enerxética, contribuír á protección do medio ambiente e mellorar a seguridade e as condicións de traballo, o FEMP poderá conceder axuda destinada a investimentos que melloren as infraestruturas dos portos pesqueiros, as lonxas, os lugares de desembarque e os ancoradoiros, incluídas os investimentos en instalacións de recollida de residuos e refugallos mariños.”

Esta acción desenvólvense a través do establecido no Programa Operativo do FEMP 2014-2020 de España para a o Obxectivo/Medida do FEMP, OBXETIVO 1.4: Fomento da competitividade e a viabilidade das empresas



do sector da pesca MEDIDA 1.4.9: Portos pesqueiros, lugares de desembarque, lonxas e ancoradoiros.

Así pois, o obxecto do acordo considérase que cumpre cos requisitos de elixibilidade (S) establecidos na medida 1.4.9 do Programa Operativo 2014-2020, relativa á aplicación dos artigos 43.1 e 3 do REGULAMENTO (UE) Nº 508/2014 do Parlamento e do Consello do 15 de maio de 2014 relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca.

Así mesmo, consideraranse elixibles (S) tódolos custes segundo o previsto no artigo 69 do REGULAMENTO (UE) Nº 1303/2013 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO do 17 de decembro de 2013 polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca.

Polo tanto, de conformidade co disposto no artigo 95 do REGULAMENTO (UE) Nº 508/2014, a porcentaxe do investimento elixible será do 100%.

Quinto.- A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece no seu artigo 15 que os órganos de contratación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do sector público autonómico poderán chegar a acordos para o financiamento conxunto de contratos para a satisfacción dunha finalidade común. Cando o financiamento conxunto sexa realizado por órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, formalizarase un acordo



entre eles no que se recollan os compromisos alcanzados, que inclúa as competencias que exerce cada un dos órganos, as cantidades obxecto de financiamento por cada un deles, a orde de aboamento das achegas, a forma en que serán obxecto de achega ao órgano de contratación que se ocupa da adxudicación e formalización do contrato ou a forma de pagamento ao contratista polos órganos financiadores.

Por outra banda, o Consello da Xunta, na súa xuntanza do 1 de agosto de 2014, acordou aprobar “as instrucións para o establecemento dun modelo de sustentabilidade para a dixitalización dos servizos públicos”.

Sexto.- Desde a efectividade da integración na AMTEGA dos servizos, recursos económicos e persoal de tecnoloxías da información e comunicacións da Consellería do Mar, a contratación en materia de Tecnoloxías da Información e as Comunicacións corresponde, con carácter exclusivo, á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Non obstante, en atención a súa tipoloxía, os expedientes financiados con fondos FEMP continuarán sendo xestionados pola Consellería do Mar ata que pola AMTEGA se cumpran todos os requisitos legalmente establecidos para asumir a xestión antedita.

Tendo isto en conta, e de cara a conciliar esta excepción coa competencia exclusiva da AMTEGA para a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións, cómpre levar á cabo este acordo de colaboración para o soporte dos traballos, cofinanciados con FEMP, que teñen como obxecto principal a instalación de novos puntos de autoxestión para servizos informáticos (TICPESC) en portos galegos, así como a instalación de sistemas de pesada integrados cos mesmos que permitan o cumprimento legal de



realizar a pesada dos produtos da pesca no momento de desembarque; traballos que deben ser dirixidos, e coordinados pola AMTEGA, coa estreita colaboración funcional da Consellería do Mar.

Tendo en conta o anterior, a Consellería do Mar, e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acordan a sinatura do presente acordo con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira: Obxecto

O obxecto do presente acordo é establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a Consellería do Mar e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para a participación conxunta no proxecto de dotación e modernización de equipamento de puntos de autoservizo e de trazabilidade de documentos pesqueiros nos portos de Galicia que contribuirá a mellorar a calidade e incrementar o control e a trazabilidade dos produtos desembarcados.

Segunda: Financiamento

O importe da achega da Consellería do Mar para a execución do obxecto mencionado na cláusula primeira ascenderá a un máximo de DOUSCENTOS CINCUENTA MIL EUROS **(250.000,00 €)**, IVE incluído na anualidade 2019.



Estes importes serán obxecto de retención de crédito segundo a distribución por anualidades que se indica, nas seguintes aplicacións orzamentarias e proxectos do seu orzamento:

Anualidade 2019: 250.000 € (I.V.E. INC.).

Partida orzamentaria: 2019.14.03.514A.604.1

Código de proxecto 2016 00257 (S)

Este proxecto está cofinanciado nun 75 % polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e nun 25 % por Fondos propios da Comunidade Autónoma.

Esta actuación encadrase dentro do Obxectivo e Medida do FEMP: OBXECTIVO 1.4: Fomento da competitividade e a viabilidade das empresas do sector da pesca - MEDIDA 1.4.9: Portos pesqueiros, lugares de desembarque, lonxas e ancoradoiros, dentro do Programa Operativo do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca para 2014-2020.

Terceira: Actuacións a desenvolver

Ao abeiro deste acordo, pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, desenvolveranse os seguintes proxectos:

- Subministro e instalación de nove (9) novos puntos de autoxestión de servizos informáticos en portos pesqueiros (TICPESC)



- Subministro e instalación de vinte e un (21) puntos de pesada integrados coa rede TICPESC, para permitir a pesada dos produtos da pesca no momento do desembarque, que cumpran cos requisitos esenciais, comúns e específicos, establecidos na regulación metrolóxica que lle sexa aplicable para a súa comercialización e posta en servizo
- A garantía de todo o equipamento referido por un prazo mínimo de 3 anos desde a súa instalación

O detalle destas actuacións e melloras, así como os puntos de instalación, quedarán definidos no marco dos traballos da Comisión de Seguimento definida na cláusula oitava.

Cuarta.- Compromisos das partes

Ao abeiro deste acordo, pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, desenvolveranse os seguintes compromisos:

- A tramitación administrativa e adxudicación do contrato ou contratos que teñan lugar para a realización do obxecto anteriormente definido. Para elo, a AMTEGA, como órgano de contratación, iniciará e aprobará os correspondentes expedientes de contratación
- O seguimento e a dirección das actuacións obxecto do contrato
- O cumprimento das medidas de información e publicidade establecidas na cláusula sexta do presente acordo



- A emisión dunha memoria vinculante sobre a correcta realización dos traballos

Ao abeiro deste acordo, pola Consellería do Mar, desenvolverase os seguintes compromisos:

- A tramitación económica e o financiamento dos expedientes de contratación a que se dera lugar
- A Consellería do Mar será a responsable de aboarlle ao contratista ou contratistas os servizos prestados, nos termos establecidos no contrato e segundo o prezo de adxudicación, unha vez recibidos de conformidade e certificados pola AMTEGA

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Consellería do Mar, desenvolverán de xeito conxunto os seguintes compromisos:

- Na elaboración dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas ou proxectos participarán conxuntamente a Consellería do Mar e a AMTEGA.
- O órgano de contratación estará asistido, se fose necesario, por unha Mesa de Contratación que estará constituída por persoal da AMTEGA, e un representante designado pola Consellería do Mar. Tamén poderá participar persoal de ambas partes na emisión dos informes técnicos.

Quinta.- Expedientes de contratación



Nos expedientes de contratación acreditarase pola Consellería do Mar a plena dispoñibilidade do importe de licitación mediante a incorporación deste acordo, así como os certificados de existencia de crédito e a documentación que acredita a súa retención, ou documentos que legalmente os substitúan.

A AMTEGA actuará no expediente de contratación e na execución do contrato en nome e por conta das partes participantes neste acordo e poderá exercer todas as potestades que a lexislación lle recoñece ao órgano de contratación fronte ao contratista, sen prexuízo da adecuada coordinación nas relacións internas coa Consellería do Mar.

O expediente de contratación tramitarase consonte aos pasos e documentos establecidos no Manual Xeral de Procedemento para a Xestión, Seguimento e Control das Operacións Financiadas polo Fondo Europeo marítimo e de Pesca (Programa Operativo 2014-2020).

Sexta.- Medidas de Publicidade do FEMP

A AMTEGA haberá de cumprir coas medidas de información e publicidade establecidas no Regulamento de Execución (UE) nº 763/2014 da Comisión de 11 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca no que respecta ás características técnicas das medidas de información e publicidade e as instrucións para crear o emblema da Unión.



Sétima.- Vixencia

Este acordo producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o momento que finalice a execución de todos os contratos previstos, segundo as actuacións establecidas na cláusula primeira do presente acordo ou ben como máximo ata 30 de decembro de 2019, sen prexuízo de que antes da súa finalización se acorde polas partes unha addenda ao acordo na que se fixara a prorroga do mesmo e os novos compromisos das partes na prorroga.

Oitava.- Comisión de Seguimento

Créase unha comisión mixta de vixilancia e control para atender ao adecuado desenvolvemento do acordo de colaboración, que terá entre as súas funcións:

- Determinar o obxecto e importe dedicado a cada un dos proxectos a executar con cargo ao presente acordo, sempre con suxeición ao obxecto e financiamento máximo establecido no mesmo
- Efectuar o seguimento de alto nivel no avance de cada un dos proxectos
- Resolver as posibles dúbidas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento das cláusulas deste acordo

Esta comisión mixta de seguimento estará formada:

Por parte da Consellería do Mar :

- Subdirector/a Xeral de Pesca e Mercados da Pesca
- Xefe/a do Servizo de Análise e de Rexistros



Por parte da Axencia para a Modernización tecnolóxica de Galicia:

- Director/a da Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais
- Xerente de Proxectos da Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

A representación nesta Comisión de Seguimento dos anteriores representantes poderá ser delegada de xeito expreso.

Novena.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa, e rexerase pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, pola lexislación en materia de contratos do sector público e polas demais normas de aplicación.

As discrepancias que poidan producir resolveranse nos termos previstos no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.

E en proba de conformidade co exposto, asinan este acordo por duplicado exemplar no lugar e data sinalados.

Pola Consellería do Mar

Pola AMTEGA

A conselleira

A directora da Axencia para a
Modernización Tecnolóxica



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo Marítimo e de Pesca



Rosa María Quintana Carballo

Mar Pereira Álvarez